

**PROCEDIMENTO E PRAZOS APROBADOS POLA COMISIÓN
PROVINCIAL DE BECAS DA PROVINCIA DE A CORUÑA NA SÚA
XUNTANZA DO 5 DE MAIO DE 2021**

1. O traballador ou traballadora presentará a solicitude no centro educativo no que pretenda gozar da gratuidade mediante o modelo de solicitude aprobado pola Comisión, que se presentará por triplicado.
2. A solicitude deberá ser selada tanto polo centro no que traballa o solicitante, como polo centro no que se solicita a beca, se son centros diferentes. O centro receptor quedarase cun exemplar, e devolverá dous exemplares ao solicitante: un para o propio interesado, e outro para a organización sindical que estime conveniente, de ser o caso.
3. **O prazo para presentar a solicitude é do 20 ao 31 de maio de 2021, ambos incluídos.** Os centros non recollerán nin asinarán solicitudes despois desta data.
4. A Comisión delega nas empresas educativas a competencia de adxudicación provisional das prazas gratuítas. A este efecto, constituirase en cada empresa educativa unha comisión formada pola persoa titular da dirección, e a persoa que presida o Comité de Empresa, ou un Delegado dos traballadores, de non ter comité. No suposto de centros nos que non exista representación legal dos traballadores, será elixido entre os membros do Claustro un docente para formar parte desta comisión.
5. Acordada a adxudicación ou denegación, a dirección do centro comunicará a cada solicitante a concesión da beca, ou ben a denegación da mesma, neste supostode maneira razoada e por escrito. **O último día para esta comunicación será o 7 de xuño de 2021.**
6. No caso de non existir comunicación por escrito aos traballadores solicitantes, ou de facerse esta comunicación fóra do prazo sinalado, entenderase automaticamente CONCEDIDA a beca.
7. Os centros de ensinodeberán enviar á Comisión Mixta de Becas de A Coruña un escrito asinado polas persoas que formen parte da comisión citada no apartado 4, no que conste a relación de becas DENEGADAS.

Este escrito, segundo o modelo aprobado, deberá remitirse á Comisión Mixta de Becas á maior brevidade posible, e en todo caso **non máis tarde do día 11 de xuño.** Non se enviará ningún outro documento á Comisión Mixta.

8. A Comisión poderá revisar as adxudicacións efectuadas polo centro no suposto de non axustarse ao procedemento ou criterios establecidos pola comisión, ou no caso de non axustarse ao convenio colectivo de aplicación.
9. O traballador ou traballadora ao que lle denegaran a praza gratuíta, ou os centros afectados, poderán formular reclamación perante a Comisión Mixta de Becas. **O último día para presentar esta reclamación será o 14 de xuño de 2021** (este incluído).
10. Lembraráselles aos traballadores e traballadoras beneficiados pola beca que reúnan os requisitos necesarios para solicitar axudas ao estudo ofertadas polas administracións públicas A OBRIGA QUE TEÑEN DE SOLICITAR DITAS AXUDAS, recollida no artigo 81.5º do Convenio.
11. A Comisión Mixta solicitará do centro a documentación complementaria que considere oportuna, e resolverá as reclamacións presentadas **antes do día 22 de xuño de 2021**. A súa decisión é inapelable. Con este obxecto, a Comisión reunirse, de ser necesario, o día 17 de xuño de 2021
12. Establécese a sede da Comisión Mixta de Becas nos locais da FEDERACIÓN EDUCACIÓN E XESTIÓN, na Praza de Europa, portal 10A, 2ª planta (Área Central) Teléfono 981.58.25.27, Fax 981.58.10.73. Correo electrónico: galicia@escolascaticas.es